

**V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**  
**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E**  
**INSTRUCCIÓN NÚMERO UN DE SANTIAGO**  
**DE COMPOSTELA**

*Edicto (22/1988).*

Manuel Pérez Echenique, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un de Santiago de Compostela e o seu partido fai saber, que no xuízo executivo seguido neste xulgado co número 22/1988, se dictou con data do vinte de marzo de 1990, cun encabezamento e sentencia que son do teor literal seguinte:

«Juan Luis Martínez López, maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número un dos desta capital, viu os presentes autos de xuízo executivo, promovidos por *Banco Galicia, S.A.*, representado polo procurador Antonio Cuns Núñez e dirixido polo letrado José María Vázquez Yebra, contra María del Carmen Martínez Rojos, José Roca Ferreiro, María Elena Iglesias Miras, Manuel Roca Ferreiro e *Ediciones Liser, S.A.*, declarados en rebeldía.

Resolvo que debo mandar e mando seguir adiante a execución despachada, ata facer remate dos bens embargados a María del Carmen Martínez Rojos, José Roca Ferreiro, María Elena Iglesias Miras, Manuel Roca Ferreiro e *Ediciones Liser, S.A.*, e co seu producto enteiro e cumplido pagamento á parte actora das responsabilidades polas que se despachou a execución, a cantidade de 1.230.685 pesetas, importe do principal, comisión e intereses pactados ata a data invocada, e ademais ó pagamento dos intereses de demora tamén pactados e as custas; debo condenar e condeno expresamente a parte demandada ó seu pagamento. Contra esta sentencia poderá interpoñerse neste xulgado recurso de apelación no prazo de cinco días contados a partir da súa notificación.

E, para que conste e lles sirva de notificación a *Ediciones Liser, S.A.*, Manuel Roca Ferreiro, José Roca Ferreiro, María del Carmen Martínez Rojos e María Elena Iglesias Miras, expido este edicto que asino e selo en Santiago de Compostela o 13 de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.»

O maxistrado-xuíz  
 Rubricado

O secretario  
 Rubricado

**XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E**  
**INSTRUCCIÓN NÚMERO CATRO DE**  
**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Cédula de citación (570/1989).*

En cumprimento do acordado polo maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Santiago de Compostela, Ramón Lojo Aller, en providencia dictada no día de hoxe, no xuízo de faltas número 570/1989, tramitado por lesións en tráxi-

co, citase en forma a José Manuel Montero Fernández, en paradoiro descoñecido, para que o día sete de febreiro ás 10.10 horas compareza perante a sala de audiencia de este xulgado, co fin de asistir á celebración do correspondente xuízo, coa advertencia de que de non comparecer recaerán sobre el os prexuízos a que haxa lugar en dereito e de que deberá ir provisto das probas de que se intente valer.

En Santiago de Compostela o vintedous de decembro de mil novecentos noventa e tres.

O secretario  
 Rubricado

*Cédula de citación (420/1993).*

En cumprimento do acordado polo maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número catro de Santiago de Compostela, Ramón Lojo Aller, en providencia dictada no día de hoxe, no xuízo de faltas número 420/1993, tramitado por insultos, citase en forma a Servando Horta Agra, en paradoiro descoñecido, para que o día sete de febreiro ás 10.20 horas compareza perante a sala de audiencia de este xulgado, co fin de asistir á celebración do correspondente xuízo, coa advertencia de que de non comparecer recaerán sobre el os prexuízos a que haxa lugar en dereito e de que deberá ir provisto das probas de que intente valerse.

En Santiago de Compostela o dez de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

O secretario  
 Rubricado

*Cédula de notificación (238/1993).*

Lorenzo Villalpando Lucas, secretario da Administración de xustiza, con destino no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número 4 de Santiago de Compostela, dou fe de que nos autos de que se fará mérito, se dictou a sentencia que ten o seguinte encabezamento e parte dispositiva:

«Sentencia. En Santiago de Compostela, dezanove de outubro de mil novecentos noventa e tres.

Vistos os presentes autos de xuízo verbal de faltas tramitados ante este xulgado co número 238/1993, seguido por lesións en accidente de tráfico, entre partes, denunciante/ado, Antonio Garaboa Mira, maior de idade, natural de Orosa, fillo de Santiago e Jesusa, con domicilio nesta cidade, rúa Mallou de Arriba nº 42; José Manuel Iglesias Lobato, maior de idade, fillo de José e Josefa, natural e veciño de San Miguel de Sarandón-Vedra; Carlos Vila Durán, maior de idade, natural da Estrada (Pontevedra), fillo de José e Argentina, domiciliado en San Miguel de Sarandón-Vedra; María del Car-

men Pardo Iglesias, maior de idade, natural de Vedra, filla de Santiago e Carmen, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla-Vedra; Juan Carlos López Lareo, natural de Vedra, fillo de José e Ermitas, domiciliado en Santa Cruz de Ribadulla-Vedra; *Cía. Multinacional Aseguradora*, con domicilio social en Barcelona, r/ Doctor Ferrán, nº 3-5; *Cía. Aseguradora Lepanto*, con domicilio social en Pau Claris nº 132, Barcelona; e no que foi parte o Ministerio Fiscal.

Decido, que debo condenar e condeno a José Manuel Iglesias Lobato como autor dunha falta de lesións e danos por imprudencia, sen infracción de regulamentos, á pena de 50.000 pesetas de multa, sufrindo en caso de non pagamento un día de arresto menor por cada 5.000 pesetas insatisfeitas ou fracción, e ó pagamento das custas. A que indemniza a Juan Carlos López Lareo en 240.000 pesetas por lesións e en 200.000 pesetas por secuelas; a Antonio Garaboa Mira en 240.000 pesetas por lesións e en 1.419.975 pesetas por danos materiais e prexuízos, cantidades que polo asegurado fará efectiva a aseguradora *Multinacional Aseguradora*, quen satisfará, ademais, o 20% anual das ditas cantidades, contando nos danos materiais desde a data do sinistro e nos persoais desde a curación.

Esta sentencia é apelable ante a audiencia provincial no prazo dos cinco días seguintes ó da súa notificación, debendo formalizarse o recurso por escrito neste xulgado, conforme os artigos 795 e 796 da Lei de axuizamento criminal.

Así por esta miña sentencia, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúnciooo, mándoo e asínoo. Ramón Lojo Aller».

E para que conste e sirva de notificación en legal forma a María del Carmen Pardo Iglesias, que se atopa en paradoiro descoñecido, expido, selo e asino a presente cédula en Santiago de Compostela, catorce de xaneiro de mil novecentos noventa e catro.

O secretario  
Rubricado

S.A. e como garantido José Manuel García Filgueiras, a disposición da Dirección Xeral de Transportes, para responder das obrigas derivadas da adquisición da tarxeta de transportes clase M.D.L.

Faise público para que no termo de dous meses, contados desde a publicación deste anuncio, poida alegarse por terceiro o que coide oportuno, advertíndose que transcorrido o referido prazo se expedirá un novo resgado e anularase o primeiro.

Pontevedra, 29 de novembro de 1993.

Francisco Lozano Rodríguez  
Delegado territorial de Pontevedra

*Resolución do 30 de novembro de 1993, da Delegación Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o extravío do resgado do depósito provisional en valores número 481/1992.*

Extraviado resgado de depósito provisional en aval bancario nº 481/1992, constituído na Caixa de Depósitos da Delegación Territorial de Economía e Facenda de Pontevedra con data 4 de xuño de 1992, por importe de 500.000 ptas., constituído polo *Banco Pastor, S.A.* e como garantido Laureano González Piñeiro, a disposición da Dirección Xeral de Transportes, para responder das obrigas derivadas da adquisición da tarxeta de transportes.

Faise público para que no termo de dous meses, contados desde a publicación deste anuncio, poida alegarse por terceiro o que coide oportuno, advertíndose que transcorrido o referido prazo se expedirá un novo resgado e anularase o primeiro.

Pontevedra, 30 de novembro de 1993.

Francisco Lozano Rodríguez  
Delegado territorial de Pontevedra

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Resolución do 29 de novembro de 1993, da Delegación Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o extravío do resgado do depósito provisional en valores número 656/1990.*

Extraviado resgado de depósito provisional en aval bancario nº 656/1990, constituído na Caixa de Depósitos da Delegación Territorial de Economía e Facenda de Pontevedra con data 30 de agosto de 1993, por importe de 100.000 ptas., constituído polo *Banco Pastor,*

#### CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

*Edicto do 20 de decembro de 1993, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se somete a información pública a petición de urgente ocupación de bens e dereitos para o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 3.714 A.T.).*

En cumprimento do disposto no artigo 31 do regulamento da Lei 10/1966, do 18 de marzo, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, aprobado polo Decreto 2.619/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de *Red Eléctrica de España, S.A.*, representada por *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, con enderezo para efec-